

Os Animadores da Prensa Local (II)

XESUS TORRES REGUEIRO*

XOAN GOMEZ NAVAZA

Naceu en Betanzos no 1868. Era home moi relixioso, de talante tradicionalista e conservador, moi amante das tradicións locais. Exerceu a avogacía na súa vila natal.

Foi redactor dos semanarios *Las Mariñas* (1886-93), do cal asumiu a dirección na súa segunda época, e *El Progreso* (1900-01), e dos diarios *El Valdancel* (1890) e *El Mendo* (1890-91). Tamén foi durante un tempo -seis semáns- director do semanario *El Pueblo* (1900-02).

No 1892, ao tempo que dirixía *Las Mariñas* comenza a colaborar en *El Diario de Galicia da Coruña*, fundado e dirixido polo crego betanceiro Agustín Corral Golpe, cunha sección chamada "Ecos de las Mariñas" na que informaba do acontecer local mesmo desde unha función relixiosa ou teatral ata unha liorta de calexa. No 1898 facíao en *La Mañana*, diario "liberal-conservador" tamén da Coruña, asinando a cotío a sección "Ecos Brigantinos" co seudónimo "Juan de Betanzos". Deixará de colaborar momentaneamente neste último porque algunhas das súas crónicas non chegaban ao seu destino: "...Espero que esa ilustrada redacción me indique el medio de que estas correspondencias lleguen á su poder. Mientras tanto suspendo mi periódica información...". Pouco despois deixao definitivamente por discrepancias cun solto publicado no mesmo xornal, no que se trataba "de contentar á esa calamidad que se llama Alcalde, á costa de mi reputación como periodista independiente (...) yo aunque figuro como conservador no me atrevería jamás á defender las barbaridades



Xoan Gómez Navaza. AMB.

del Alcalde de Betanzos". O alcalde en cuestión era Claudio Ares Lorenzo, do partido conservador.

Ademáis de "Juan de Betanzos", Gómez Navaza empregou os seudónimos "Juan de las Mariñas" e "Juan del Pueblo", aínda que o que máis empregou e co que máis se identificaba era co de "El Bachiller Hungarelo".

E interesante tamen a súa faceta de erudito e recriador de tradicións locais. En *Las Mariñas*, 2ª época, publicou as "Ordenanzas de Betanzos", "documento importante que nunca ha visto la luz (...) que ha tenido la bondad de facilitarnos el único que las posee, nuestro amigo el joven abogado Gómez Navaza". Publicou

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro, profesor de Ensino Xeral Básico e investigador de temas históricos dos s. XIX e XX.

tamén unha "Galería de leyendas y tradiciones brigantinas".

Outras actividades súas en Betanzos están relacionadas con sociedades musicais, relixiosas, recreativas e benéficas. Foi membro da Cofradía da Vera Cruz, presidente do Circulo Musical no 1892, membro da "Junta de Defensa" que se constituiu en Betanzos no mesmo ano con motivo da campaña suscitada en toda Galicia pola supresión da Capitanía Xeral da Coruña, así como benefactor da sociedade de Socorros Mutuos de Artesáns "La Primitiva". Esta antiga sociedade, con motivo da inauguración do seu local social en 1934, publicou unha Memoria-Homenaxe a Gómez Navaza, quen tiña deixado en legado á dita sociedade a casa da súa propiedade na rua do Valdoncel.

Xoán Gómez Navaza, "El Bachiller Hungarelo", morreu en Betanzos no ano 1924, aos cincuenta e seis anos.

Bibliografía:

—"Memoria-homenaje al benefactor brigantino D. Juan Gómez Navaza. 1848-1934. Sociedad de Socorros Mutuos de Artesanos la Primitiva. Betanzos, 1934.

ADOLFO VAZQUEZ GOMEZ

Adolfo Vázquez Gómez é o máis internacional dos xornalistas betanceiros e o que máis se aproxima á condición de xornalista profesional pola súa dedicación case exclusiva á prensa. A súa é unha apaixonante biografía polo cúmulo de vivencias, contratempos e éxitos que colleitou nun dilatado periplo vital rebelde e inqueda.

Naceu en Ferrol no 1869, fillo do coronel Manuel María Vázquez, quen co tempo afincaría en Betanzos, onde exerceu o cargo de xefe da zona militar.

Moi noviño aínda iniciouse no xornalismo, despois de constatar que o seu espírito non se acaía á disciplina da Academia Militar, escribindo os seus primeiros artigos para *El Regional*, de Lugo, *Galicia Moderna* de la Habana e *Galicia Liberal de Santiago*.

Contacta en Madrid co republicanismo do sector de Pi y Margall e escribe para varios periódicos republicanos: *La*



ADOLFO VAZQUEZ - GOMEZ

República (Madrid), *La Guindilla* (Pontevedra), *El Combate* (Barcelona). O sentimento republicano, radical e libre-pensador mantívoo toda a súa vida, evoluíndo cara posturas socialistas.

A súa intervención no movemento revolucionario de setembro de 1886 obrigao a exiliarse en Portugal xunto con outros republicanos españois. En Lisboa funda *El Galleguito* e colabora en *La España* e *A Sentinella da Fronteira* de Elvas. Expulsado de Portugal ao ano seguinte por mor das súas actividades públicas e políticas, irá a Burdeos, onde dirixe o Colexio da Confederación Española de Ensino Laico. Recalará novamente en Lisboa no 1888, pasando a redactar *O Sindicato*.

Coa promulgación da amnistía, en xaneiro de 1889, ven a Betanzos, onde moraban os pais. Na vila betanceira comenza a colaborar no semanario *Las Riberas del Mendo* (1889), que abandonará por discrepancias co seu director para pasar a redactar o semanario, "joco-serio" *¡Ya somos tres!* (1889), onde emprega o pseudónimo de "Mala Racha" e "Patricio Gamarra". Ao ano seguinte acomete a tarefa de fundar un diario na localidade, *El Valdoncel* (1890), e pouco despois abandonará este para fundar *El Mendo* (1890-91) que

rematará fusionándose co anterior. Non era doado manter un diario nunha vila como Betanzos e a experiencia non puido durar máis de dous anos.

En Betanzos, ademais de dirixir o diario da súa propiedade enviaba colaboracións a moitos xornais e gañábase a vida cunha academia de francés. Nos tres anos que viviu na nosa cidade desenrolou unha intensa actividade política e cultural. Temos constancia de que presidiu o Centro Republicano Federal, o Ateneo Obrero e o Orfeón Eslava e, ao decir de Vales Villamarín, foi o primeiro cronista oficial da cidade. O propio Vales Villamarín refírese a Vázquez Gómez como "fogososo escritor" e "vehemente e inquieto periodista, infatigable defensor del librepensamiento".

Trasladado á Coruña, forma parte do diario republicano *El Telegrama* e preside a Juventud Republicana. Alí tentou contraer matrimonio civil con Emilia Porto, filla do médico republicano betanceiro Xosé Porto, atopando a resistencia do arcebispo compostelán. Rematará partindo para Buenos Aires pouco despois, onde desenrola unha extraordinaria actividade como profesor racionalista e conferenciante, pasando o resto da súa vida entre Arxentina e Uruguy con viaxes a países de Europa en varias ocasións. O seu labor cultural, xornalístico e político continuou nestas repúblicas sudamericanas, colaborando e fundando múltiples publicacións. Para coñecer máis polo miúdo a súa actividade no periplo americano pódese consultar o artigo biográfico que lle dedica Alberto Vilanova na voluminosa obra "Los Gallegos en la Argentina", citada na bibliografía.

Entre as numerosas publicacións nas que colaborou, ademais das xa citadas, figuran: *Album Literario* (Ourense), *El Obrero* (Pontevedra), *El Porvenir* (Valdeorras), *La Justicia* (Calatayud), *La Ilustración Artística* (Madrid), *El Resumen* (Madrid) e *La Bomba* (Montevideo). O diario betanceiro *El Mendo*, por el dirixido, anunciaba en 1891 a aparición do libro de Adolfo "Mesa Revuelta" que desconecemos se chegou a publicarse.

Adolfo Vázquez-Gómez finou en

Montevideo o 25 de xullo de 1950 aos oitenta anos.

Bibliografía:

—Salinas, G.- "Adolfo Vázquez Gómez (apuntes biográficos)", en *El Mendo*, nº 308, 27-V-1891

—Ossorio y Bernard, M.- "Ensayo de un catálogo de periodistas españoles del siglo XIX". Madrid, 1903. (Este autor chámalle erróneamente *El Mundo* ao diario fundado en Betanzos por Adolfo).

—Vales Villamarín, F.- "Prensa brigantina. Las Riberas del Mendo", en *La Voz de Galicia*, 12-I-1981.

—Vilanova Rodríguez, A.- "Adolfo Vázquez Gómez (El denodado periodista galaico-rioplatense)", na obra *Los Gallegos en la Argentina*, t.II, páx. 1165-1173, Buenos Aires, 1966.

XOSE ALGUERO PENEDO

Naceu en Betanzos no 1872. Estudou a carreira de Dereito, exercendo de fiscal municipal de Betanzos a finais do século. Uns anos despois instálase en Negreira como notario, onde casa cunha Caamaño, das familias máis importantes da vila. Xa de volta a Betanzos exerceu de notario durante moitos anos con oficina aberta na súa casa do Valdoncel. Temos escoitado que na súa xuventude foi segredario particular da Condesa Pardo Bazán.

Desde moi novo formou parte da redacción dos semanarios *¡Ya somos Tres!* (1889) e dos diarios *El Valdoncel* (1890) e *El Mendo* (1890-91), dirixindo a follina *Los domingos de El Valdoncel*, suplemento literario dominical do citado diario. Colaborou ademais nos semanarios *El Brigantino* (1888-89) e *El Progreso* (1900-01) e segundo Ossorio y Bernard era tamén corresponsal de varios periódicos galegos. O seu nome figura tamén ao pé dalgúns traballos literarios na *Revista Núñez* (1925-26) e no *Anuario Brigantino* de 1949.

Un complemento panexírico de Alguero, da autoría de Heraclio Pérez Placer, foi publicado en *El Mendo* cando aquel era aínda un xoven estudante: "...a pesar de su corta edad, está concluyendo, por enseñanza libre la carrera de Derecho, en la cual alcanzó siempre brillantes notas, y que fundó, en unión de Adolfo Vázquez-Gómez los periódicos *El Valdoncel* y *El*

Mendo, que redactó el *Ya Somos Tres* y colaboró en varios periódicos de la región, si bien firmando casi todos sus trabajos con el simpático seudónimo de Cariño, que tan en harmonía está con su carácter". No mesmo panexírico facíase grande loubanza das poesías de Alguero, que ao parecer escribía aos doce e catorce anos, amosando extrañeza e abraio pola sua fondura dramática e amorosa, impropia de autor tan xuvenil.

No número seguinte, o poeta adicáballe un poema "a mi querido amigo H.P. Placer" en xusta correspondencia.

Os seus poemas coido que non foron recollidos en volume e andan espallados por moitas publicacións. Un longo poema seu, "La Música", foi publicado na *Revista Gallega* de A Coruña (número correspondente ao vintatrés de maio de 1897).

Outra faceta literaria de Alguero foi a de autor de Apropósitos carnavalescos representábeis. O Apropósito que escribiu para o Antroido de 1892 pode verse en "El Antroido en las Mariñas dos Condes" de J.R. Núñez Lendoiro (páx. 110 e seguintes).

Foi membro das sociedades recreativas Brigo Club e Liceo Recreativo e directivo animador do "Orfeón Eslava, nº 3". Era tamén afeizoado ao debuxo, tendo feito moitos decorados para o Liceo e a ilustración da portada do programa de festas de San Roque de 1930. Gostaba dos pasatempos e inxeniosas charadas que facía diariamente para El Mendo asinando "Cariño". Unha destas curiosas charadas reproducímola na escolma.

A raíz dos sucesos do golpe militar de 1936, Alguero veuse envolto nun Consello de Guerra, acusado de "rebelión militar"(!). A vista do xuicio, que se celebrou a finais de maio de 1937, rematou coa absolución do acusado ao que se lle impuxo únicamente unha sanción administrativa.

Xosé Alguero Penedo morreu en Xixón no 1956 onde vivía xubilado aínda que viña a Betanzos tódolos veráns. Á sua morte *El Eco de las Mariñas* dedicoulle a portada cunha nota necrolóxica do médico

Xesús Gundín Hurtado.

Bibliografía:

—Gran Enciclopedia Gallega.- Voz "Alguero Penedo, José", t.I, páx 258

—Gundín Hurtado, J.- "Don José Alguero, ha fallecido", en *El Eco de las Mariñas*, nº3, Betanzos, 16-III-1956.


—Ossorio y Bernard, M.- "Ensayo de un catálogo de periodistas españoles del siglo XIX". Madrid, 1903.

—Pérez Placer, H.- "José Alguero Penedo (Cariño)", en *El Mendo*, nº 295, 12-V-1891. (Ao parecer o artigo publicouse en *El Ciclón*, de Santiago, de onde o recolleu *El Mendo*).

DARIO CARAMES RUZA

Naceu en Betanzos pouco antes de 1870 pois, con ocasión da sua morte en 1949, Vicente Abarrategui referíase a el como, "octogenario".

Mestre de profesión, comenzou a sua carreira no maxisterio rexentando a escola de Santo Domingo a finais de século pasado e principios deste. Posteriormente sería nomeado inspector de primeiro ensino en Bilbao, pasando despois á inspección de colonias escolares e rematando a sua vida profesional en Pontevedra. Nesta cidade morreu o 24 de outubro de 1949. No *Anuario Brigantino* de 1951



Dario Caramés Ruza. *Anuario Brigantino*,

1951

recollíase unha nota necrolóxica deste home, da autoría do seu ex-aluno Vicente Abarrategui Paradela, residente na Arxentina.

No seu tempo foi un profesional moi preocupado polos avances pedagóxicos e debía sentirse próximo ao ideal reformista da Institución Libre de Ensino (entre os suscriptores do boletín desta Institución figura un de Betanzos coas iniciais D.C.R., que poden corresponder a este home). O seu ex-aluno decía del na nota necrolóxica devandita: "...fue un verdadero precursor, anticipándose más de medio siglo en métodos de enseñanza que habían de generalizarse más tarde como muy modernos en Europa y América, tales como el periodismo escolar, que en las clases de Santo Domingo ya se practicaba en 1896 con la redacción de la revista *Infancia*; la correspondencia interescolar sostenida con buen número de colegios de España, Portugal, Francia y otros países; la creación del museo escolar formado con los aportes de labores manuales de los muchachos, reproduciendo utensilios, herramientas y otros elementos de trabajo agrícola y marinerio (...) Su método didáctico, de creación propia igualmente, fué la enseñanza práctica y objetiva por medio de excursiones semanales a distintos lugares de observación, de lo cual los alumnos debían dar explicaciones oral y escrita en sesiones preparadas con tal objeto..."

Na súa estancia en Betanzos Darío Caramés colaborou nos semanarios *El Pueblo* (1900-02) e *El Progreso* (1900-01).

Bibliografía:

—Abarrategui Paradela, V.- "Al maestro desaparecido. Don Darío Caramés Ruza", en *Anuario Brigantino* 1951.

MANUEL J. LEMA

Debeu nacer en Betanzos -unha publicación local refírese a el como "nuestro paisano"- cara 1870. Posibelmente sexa fillo ou parente do confiteiro local Xosé Lema Regueiro que tiña unha pastelaría na Porta da Vila e anunciabase

en 1884 no semanario local *El Censor* co nome de "La Primitiva".

Manuel J. Lema foi director do semanario "joco-serio" ¡Ya Somos Tres! (1889) e do diario *El Valdoncel* (1890) cando o director e redacción fundacional abandonaron este diario para fundar *El Mendo*. Ao fusionarse pouco despois os dous diarios e salvadas as diferencias con Adolfo Vázquez Gómez, Lema pasaría a colaborar en *El Mendo* (1890-91).

A última noticia que temos deste home é de 1893 cando traballaba como empregado de Telégrafos na oficina de Betanzos.

XOSE BARTOLOME VIDAL

Naceu en Betanzos no 1864. A súa primeira colaboración na prensa local apareceu en *El Censor*, cubrindo unha información sobre o Antroido e asinando coas iniciais J.B.V.. En adiante asinará tamén alterando as sílabas do apelido como "Melotobar". Por esta época un tal Vicente Bartolomé -pai ou parente de Xosé- era o arrendatario dos salóns do Liceo para os bailes do Antroido.

Posteriormente foi director do semanario *El Pueblo* (1900-02), desde a súa fundación ata o número trinta e nove, unha liña de defensa das sociedades obreiras locais e de denuncia das arbitrariedades caciquís. Nesta época o semanario *El Progreso*, rival do que el dirixía, rumoreaba que sería candidato socialista ás eleccións municipais de 1901, feito que non chegou a producirse.

Ao deixar a dirección do semanario vaise a Castela, aparentemente por razóns profesionais e, ao ano seguinte, envía unha carta a *El Pueblo* acusando ao caciquismo local da súa marcha: "...habéis querido amordazarme y sitiarme, privándome de ciertos elementos necesarios para la vida..." Todo parece indicar que foi vítima das típicas cesantías da época por parte dos poderes locais que non lle perdonaban as súas actividades xornalistas á contra.

En 1907 é nomeado xuíz municipal de Nava del Barco (Avila), onde exercía de

auxiliar de médico e "profesor de partos", tal como facía constar nun artigo debaixo do seu nome. Desde alí envía colaboracións aos semanarios *La Aspiración* (1904-12) e *Nueva Era* (1912-13), publicacións dos seus antigos inimigos políticos. Tamén colabora no *Diario Ferrolano* (1913). Dá a impresión que trata de congraciarse cos poderes locais para acadar o regreso e un emprego oficial.

Nun artigo en *La Aspiración*, defendendo os tradicionais mercados dos domingos na localidade contra do descanso dominical decretado, definíase como católico, liberal e demócrata cristiano e consideraba -sen máis fundamento que o seu desexo- a dito órgano fiel continuador do que el dirixira en 1900.

Ao aparecer *Nueva Era* confésase desencantado das loitas e posicionamentos que sostivera anteriormente: "...esas titánicas luchas que con tantos bríos sostuve y que luego me produgeron elocuentes desengaños, sendos disgustos y múltiples perjuicios, no solamente de orden material, sino moral...". Posibelmente nesta época xa tivera voltado a Betanzos, pois en *Nueva Era* (nº3, 18-VIII-12) dáse noticia do traslado ao cemiterio de Betanzos dos restos da súa dona, Nieves Fernández Losada, quen morrera había algún tempo en Nava del Barco.

En 1914 Xosé Bartolomé exercía de vixilante interino da prisión preventiva de Betanzos. A partir dese ano xa non temos noticias súas.

MANUEL GARCIA FAILDE

Naceu en Betanzos en 1840. Exerceu o ensino en varios colexios privados da localidade. En 1891 era presidente do Liceo Recreativo. Ideoloxicamente foi republicano, da liña de Salmerón, desde a xuventude. No 1910, xa ancián, figura aínda como un dos vicepresidentes honorarios do Centro Republicano -xunto con Xesús García Naveira, Ramón Peón e Martín Barrós-, que se estaba a reorganizar en Betanzos. Antes, no 1907, fora vicepresidente do Centro Solidario, amalgama de diversas ideoloxías (republicanos, carlis-

tas, rexionalistas,...) e do que eran personaxes destacados Xoán Golpe Varela, Víctor Naveira Pato e Xulio Romay. Outra das súas facetas foi a de debuxante.

Colaborou nos diarios *El Valdancel* (1890) e *El Mendo* (1890-91) e no semanario *La Defensa* (1906-10), vencellado ao movemento "Solidaridad Gallega", escribindo nesta uns sentidos artigos necrolóxicos á morte de Salmerón (nº113 e 114). Posibelmente foi director de *El Bando* (1904), periódico republicano de escasa duración, e tería colaborado no tamén republicano *La Libertad* (1886).

En *El Progreso* (1900-01) escribiu, baixo o pseudónimo "Cualquiera" un duro ataque contra o socialismo e o incipiente asociacionismo obreiro local. Diante das protestas obreiras, García Failde dá a cara e pide disculpas nunha "Rectificación".

La Defensa daba noticia no número 113 (7-II-1909) da morte da muller de García Failde. Á deste, que acaeceu en Betanzos no 1913, o semanario *Nueva Era* dedicoulle un artigo necrolóxico louvando a súa actividade xornalística: "Republicano muy joven (...) Periodista (...) escribió en todos los periódicos locales y otros gallegos (...) Dirigió El Valdancel, La Libertad, El Bando...".

Mais os datos están lonxe de ser exactos: nen colaborou en tódolos periódicos locais, polo menos asiduamente, nen foi director de *La Libertad* e *El Valdancel*, xa que o primeiro dirixíao Roque Ponte mentres que Adolfo Vázquez Gómez e Manuel J. Lema foron os directores do segundo, como xa tivemos oportunidade de ver nas súas biografías.

XOAN PONTE BLANCO

Este home que asinaba Juan Ponte y Blanco intercalando un "y" entre os apelidos, seguramente para evitar o tópico chiste que podían causar, naceu na Coruña no 1851 e finou en Betanzos o nove de febreiro de 1920 aos sesenta e nove anos.

Cego desde moi xoven, exercía de músico, gañándose a vida dando clases de piano e tocando este instrumento en funcións relixiosas e profanas.

A finais do século pasado xa estaba aveciñado en Betanzos, establecendo unha academia de música na casa número tres da Rua Travesa.

Foi constante animador de agrupacións musicais na localidade. Así, en 1896 participaba na "Rondalla 1895", no 1900 dirixía a rondalla de nenos "La Unión Musical" e no 1911 aparece entre os integrantes da "Orquesta Betanzos" tocando o piano. A actividade musical de Ponte Blanco non paraba aí, pois tamén executaba música relixiosa en funcións de culto e ten tocado a música de moitas representacións teatrais celebradas no Teatro Alfonsetti por compañías itinerantes.

Nesta laboura ten sorprendido a moitos, pois "aprende de memoria toda a música de las obras que se ponen en escena, en el breve intervalo de tiempo que va de una á otra función", segundo o semanario local *El Mandeo*.

Na laboura xornalística exerceu a dirección dos semanarios *La Aspiración* (1904-12) e *Nueva Era* (1912-13) e posibelmente tamén de *Betanzos Liberal* (1913-14) e *Betanzos* (1914), órganos todos eles do bando liberal local. Antes colaborara en *El Progreso* (1900-01). Nas páxinas destes semanarios ten publicado abondantes poemas e rípios en castellano.

Supoñemos que pola súa limitación física veríase obrigado a dictar os textos a un axudante. Daí os abondantes erros ortográficos que se rexistran nesas publicacións, especialmente en *La Aspiración*. Este feito daba pé a *La Defensa*, semanario de intereses contrapostos a *La Aspiración* coa que mantivo unha enconada loita xornalística, a moquearse de "Ponte, director, redactor, administrador y reporter de La Asofía", ademais doutras burlas e insultos motivados polas posturas políticas que aquel defendía.

Xoán Ponte é autor dun monólogo dramático "Original y en verso", titulado *Delirio y Remordimiento*, impreso en Villuendas e que foi estreado no Teatro Alfonsetti na noite do vinte de xuño de 1915 "con éxito extraordinario". A obra vai dedicada "a mi joven y buen amigo,



Xoán Ponte Blanco.

el laureado y cultísimo profesor de Instrucción Pública D. Francisco Vales Villamarín..."

Precisamente o seu amigo Vales, ao facer unha breve semblanza deste "maestro en plurales saberes y apasionado brigantinófilo", lembraba as tristes vicisitudes deste polifacético invidente: "...Pasó los últimos años de su vida (...) con grandes estrecheces económicas, a veces insuperables, situación que no supieron o, mejor, no quisieron remediar sus titulados amigos políticos, que de él se han servido constantemente para sus fines partidistas".

Bibliografía:

—"Delirio y Remordimiento", monólogo dramático, original y en verso de Juan Ponte Blanco. Impr. y Enc. de M. Villuendas. Betanzos, 1915.

—Maino.- "Ecos para la historia local. Rondallas brigantinas", en Betanzos, Fiestas Patronales de San Roque, 1978.

—Vales Villamarín, F.- "Papeletas para una proyectada Enciclopedia Brigantina", en La Coruña, Paraíso del Turismo; 1978.

RAMON SANJURJO OSSORIO

Naceu en 1861. No censo electoral de 1903 figura como viciño da rua Saavedra Maneses, no número trinta e nove, e de profesión "Curial". Anteriormente anunciábase como encuadernador en varias publicacións da localidade e no 1889 figuraba como profesor de Comercio e director do Colexio San Luis Gonzaga, sito

na Rúa Travesa número once.

Foi redactor dos diários *El Valdoncel* (1890) e *El Mendo* (1890-91) e do semanario *Otro Pueblo* (1901-02). No 1908 emigrou a Buenos Aires e desde alí envía crónicas ao semanario *La Aspiración* (1904-12) informando sobre a vida arxentina e a actividade da colonia betanceira alí emigrada.

WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ

Este escritor e xornalista coruñés - que acadaría grande renome co tempo, polo que non imos abordar a súa complexa biografía, cinguíndonos únicamente á súa relación coa prensa betanceira- naceu no 1885 e aos 20 anos figura, desde o seu número inicial, como director do semanario betanceiro *La Defensa* (1906-10), órgano das Sociedades de Agricultores. Estimamos que este feito obedecía á necesidade de contar os inspiradores da publicación cun xornalista na capital coruñesa, onde se imprimía, que controlase a tirada e as probas de imprenta ao tempo que bus-



Wenceslao Fernández Flórez. Caricatura de Máximo Ramos. Tomada de Vales Villamarín, "Papeletas para una proyectada Enciclopedia Brigantina" (II)...

caba colaboración entre xente do xornalismo coruñés. Non é casualidade que *La Defensa* sexa unha das publicacións betanceiras que contou nas súas páxinas cunha boa nómina de prestixiosos colaboradores de fóra da localidade.

Fernández Flórez deixa a dirección de *La Defensa* cando esta vai polo número coarenta e catro, en xuño de 1907, mais segue a colaborar durante bastante tempo con traballos de corte literario e asinando ás veces coa inicial do nome, "W".

E curioso que a Wenceslao o substitúa na dirección do semanario betanceiro outro xornalista coruñés, Antonio Carballo Tenorio, que debía desempeñar desde A Coruña unha función semellante á daquel.

Bibliografía:

—Míguez Rodríguez, J.A.- "Notas para un centenario. Fernández Flórez y "La Defensa", en *Anuario Brigantino*, nº7. Betanzos, 1984.

—Varela Jácome, B.- Voz "Fernández Flórez, Wenceslao", en *Gran Enciclopedia Gallega*, t.12, páx. 55.

VITOR NAVEIRA PATO

Avogado e grande propietario absentista, membro dunha influínte familia da localidade, naceu en Betanzos o seis de marzo de 1863.

O seu protagonismo e actividade na vida local é especialmente destacado nas décadas de entreséculos. Este curioso personaxe, de ideoloxía carlista, sempre no candieiro político local deses anos como furibundo opositor dos liberais de Agustín García Sánchez, foi un tempo presidente do Liceo Recreativo, concellal en varias ocasións (1902-1905) e activo propagandista agrario do movemento "Solidaridad Gallega".

No eido xornalístico figura sómente como redactor de *La Defensa* (1906-10) xunto co seu irmán Antonio, si ben a súa sinatura non aparece en ningún artigo. Segundo *La Aspiración*, semanario rival do órgano solidario, el é o "Tristan Penanegra" asinante da mordaz sección "Pellizcos" en *La Defensa*. Desde aquel semanario a súa figura era duramente atacada en contestación aos "Pellizcos". Incluso en varias ocasións *La Aspiración*



Vítor Naveira Pato. AMB

publicou ripios contra el, como estas "Coplas del ciego Ramón", posíbelmente da autoría de Xoán Ponte Blanco, director do semanario rival:

*Antes, Vitre era un santín
que oía misa a diario,
agora que é solidario
está feito un galopín.
Cando fuches a Monfero
non che deixaron falar,
e oubéronche de ... capar
por larchán e embusteiro.
(.....)
Vitre non seas pasmón
e déixate de loitar
pois solo consigues dar
coces contra o aguillón.*

Foron varios os xuicios que houbo enfrentar Vitor Naveira, uns derivados da súa actuación de activista e axitador agrario na bisbarra das Mariñas, xunto con Xoán Golpe, e outros motivados polo seu enfrentamento cos cabecillas liberais da localidade.

En 1907 presidía o Centro Solidario de Betanzos que tiña o seu local social na casa número oito da Rua Nova.

FRANCISCO VALES VILLAMARIN

E dabondo coñecida a dilatada biografía de don Paco Vales, máxime cando hai uns anos con motivo da homenaxe que se lle tributou (1981) editouse un folleto recollendo os principais fitos da súa biografía e obra. Nós imos referirnos aquí únicamente á súa faceta xornalística, especialmente á súa labouira nas publicacións locais.

Vales Villamarín naceu en Betanzos o sete de maio de 1891. No 1905, con só catorce anos, funda o semanario satirico *Destellos Juveniles*, na liña doutras publicacións festivas que existiran en Betanzos.

Na súa etapa estudiantil colabora nos semanarios *La Aspiración* (1904-12), cando este vai polos seus derradeiros números, e *Nueva Era* (1912-13), asinando poemas e colaboracións cos seudónimos "El caballero Artagnan" e "Silvano de Leonisa". En *Destellos Juveniles* agachase detrás de "Selav" e "Rinmallavi", que son os apelidos coas sílabas invertidas.

En 1913 era director de *El Normalista* de Santiago, revista decenal órgano dos alumnos da Escola Normal Superior de Mestres, sendo estudante de Maxisterio. Colabora tamén na *Gaceta de Galicia* que se editaba en Compostela.

En 1917 funda as "Irmandades da Fala" en Betanzos, que abandonará pouco despois e, ao ano seguinte, organiza os Xogos Frorais promovidos pola devandita Irmandade.

A partir dos anos trinta comenza a dedicarse a estudos de investigación, en boa parte relacionados con Betanzos e a bisbarra das Mariñas, cos que acadaría relevancia e prestixio.

Posteriormente, xa sendo cronista oficial da cidade, foi director e animador do *Anuario Brigantino* (1948, 1949, 1951 e 1981) financiado polo concello.



Francisco Vales Villamarín.

Colaboracións súas, especialmente traballos de investigación e algúns poemas, apareceron no *Boletín de Información Municipal*, na revista do *Centro Betanzos* de Buenos Aires, en programas de festas da localidade e en varios periódicos galegos (*La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *Faro de Vigo*,...). Algúns traballos seus están publicados no *Boletín da Real Academia Gallega*, da que era segredario, e noutras publicacións académicas.

Vales Villamarín finou na súa vila natal o vinte catro de agosto de 1982, aos noventa e un anos, poñendo os Caneiros de loito, en plena lucidez e capacidade creativa como o demostran os sete traballos da súa autoría publicados no derradeiro Anuario que dirixiu.

Bibliografía:

—“Francisco Vales Villamarín. Exposición de recordos co gallo do seu 90 cumpreanos, patrocinada polo Excmo. Concello de Betanzos”. Folleto cun curriculum e lista de traballos do homenaxeado. Betanzos, 1981. O mesmo curriculum pode verse en Anuario Brigantino, nº5, 1982.

—Erias Martínez, A.- Voz “Vales Villamarín, Francisco”, en Gran Enciclopedia Gallega, t.29, páx. 223.

—Erias Martínez, A. “Francisco Vales Villamarín: Exposición antolóxica de su vida, su obra y su tiempo”. *La Voz de Galicia*, 17-VI-1981.

XOSE M^a FONTELA VAZQUEZ

Veterinario e xornalista, debeu nacer en Betanzos arredor de 1890. En 1902 cursaba estudos no colexio de Segundo Ensino de Betanzos e posteriormente de Veterinaria en Compostela.

Colaborou nos semanarios *La Defensa* (1906-10), *La Aspiración* (1904-12), *Nueva Era* (1912-13) e *Betanzos Liberal* (1913-14) con artigos sobre a súa especialidade e reportaxes, asinando algunhas veces cos pseudónimos “Lafonté” e “Brigo”. Moi amigo de Vales Villamarín, na xuventude teñen asinado conxuntamente en varias ocasións artigos e crónicas.

En 1913 xa é veterinario, así o fai constar ao pé das súas colaboracións sobre temas relacionados coa súa profesión. O semanario *Nueva Era* decía del que era un “joven e ilustre veterinario (...) apenas salido de las aulas”. Exerceu de inspector veterinario de Sanidade en varios concellos da bisbarra durante un tempo. No mesmo ano viaxaba á Arxentina, país con grande tradición gandeira, pensionado durante un ano polo Goberno español para ampliar estudos, sendo un dos dez pensionados de todo o Estado e o único polo distrito universitario de Santiago. Desde a República arxentina envía crónicas sobre o país sudamericano ao semanario *Betanzos Liberal*, que lle dedica toda a portada do seu número nove, ensalzando os seus méritos. A partir deste intre perdemos a súa pista.

TOMAS LOPEZ DA TORRE

Naceu en Betanzos en 1900. Estudou Dereito en Compostela e Madrid e comenzo a súa cerreira de avogado como pasante do famoso letrado local Agustín García Sánchez, independizándose posteriormente con bufete propio. Concellal nos últimos anos da Ditadura de Primo de Rivera, coa chegada da República reingresa no Partido Socialista, actuando



Tomás López da Torre. AMB.



Xosé Veiga Roel, por Cebreiro. *Anuario Brigantino*, 1948.

como defensor en 1934 dos encausados polos sucesos de Asturias na revolución de Outubro dese ano. Alcalde de Betanzos e Deputado provincial durante a Frente Popular, foi fusilado na Coruña tras un consello de guerra o 1 de outubro de 1936.

Colaborou en *Rexurdimento* (1922), publicación quincenal pola Irmandade da Fala da localidade, e en *La Batalla* (1923) e nalgún programa de festas. Ten colaborado tamén moito na prensa obreira ferrolana de signo socialista (*El Obrero*) durante a etapa republicana.

XOSE VEIGA ROEL

Naceu en Betanzos en 1894. Comerciante de profesión, Veiga Roel era un grande afeizoado ás artes plásticas, dedicándose ao debuxo, caligrafía e a fotografía artística. Amigo de Vales Villamarín desde a xuventude, ten ilustrado varios traballos deste e entre os seus traballos caligráficos destaca a portada do Libro de Ouro da súa cidade natal.

Pertenceu á Irmandade da Fala de Betanzos e colaborou no seu órgano

Rexurdimento (1922) con artigos e ilustracións. Traballos artísticos seus tanto debuxos como fotografías, publicáronse en moitas publicacións locais como *Nueva Era*, *Anuario Brigantino*, *Albor*, *El Eco de las Mariñas* e moitos programas de festas.

Xa na madurez dedicouse á fotografía, actividade na que chegou a destacar, acadando varios galardóns.

Durante a II República foi concellal. Pertenceu ás sociedades Brigo Club e Liceo Recreativo, sendo presidente desta última durante un tempo. O concello de Betanzos nomeouno fillo predilecto en 1980. O seu pasamento acaeceu en Betanzos en 1976 á idade de oitenta e un anos.

Bibliografía:

—García G-Ledo, X.A.- "Apuntes para unha biografía. Xosé Veiga Roel", en *Anuario Brigantino*, nº4. Betanzos, 1981.

—Enrique Acuña, X.- Voz "Veiga Roel, José" en *Gran Enciclopedia Gallega*, t.29.

XOAN PEREZ SARRABONA

De procedencia andaluza, ao parecer, debeu chegar a Betanzos por motivos profesionais. Na nosa vila exerceu de se-

gredario do Xuzgado, sendo tamén director do Colexio de Segundo Ensino da localidade, cargo que exercía en 1931.

Foi director do quincenario *Patria* (1925), órgano da Unión Patriótica de Primo de Rivera, organización política á que pertencía.

No 1934 aparece unha colaboración súa na revista do *Centro Social Betanzos* de Buenos Aires. Posteriormente marcharía de Betanzos, por razóns profesionais, similares ás que o trouxeran.

ANTON CONCHEIRO CAA- MAÑO

Naceu en Betanzos en 1928. Dedícase ao comercio con establecemento de cerámica e obxectos de decoración abertos en varias localidades, ademais de Betanzos.



—¡Enhorabuena, señor Director...! Dentro de cincuenta años cumpliremos las bodas de oro.

Antón Concheiro e Muñoz, coa carpeta debaixo do brazo, en caricatura deste último con motivo da saída do primeiro número de "El Eco de las Mariñas".

Escritor e poeta, con obra dispersa en varias publicacións. Vencellado ao teatro desde moi xoven, participou en experiencias teatrais en Betanzos e na Coruña.

Dirixiu o último periódico que existiu na localidade, o quincenario *El Eco de las Mariñas* (1956), de vocación comarcal. Colaborou tamén nos primeiros *Anuarios Brigantinos* e no boletín *Albor* (1953-56) do Instituto Laboral publicouse un poema del.

XULIO CUNS LOUSA

Naceu en Betanzos no 1926, fillo de Xulio Cuns Medín, popular porteiro do Liceo durante moito tempo, e de Emilia Lousa da Pena. Dende hai anos desempeña o seu traballo nunha notaría da localidade.

Home de grande inquietude cultural, estivo moi vencellado a actividades culturais e teatrais: Asociación cultural Candi-lejas, Coral Polifónica...

Formou parte da redacción de *El Eco de las Mariñas*, sendo o único que colaborou en tódolos seus números, ben con traballos de creación ou con artigos en clave de humor, non exentos de crítica, sobre o acontecer local. Posteriormente colaborou con artigos en varios programas de festas. Ao seu traballo de traductor débese a versión galega de dúas pezas teatrais de Rabrindranath Tagore: *Malini* e *O carteiro do rei* (Edicións do Castro, 1976).

Actualmente colabora no *Anuario Brigantino*, do que é asesor e segredario, tendo publicado un completo e documentado traballo sobre a Banda Municipal de Música nos séculos XIX e XX nos seus números 7 (1984) e 9 (1986).

Bibliografía:

—Brais da Bouza.- Voz "Cuns Lousa, Julio", en Gran Enciclopedia Gallega, t.8.

Betanzos, 1987



*Antón Concheiro e Xulio Cuns co poeta Ramón
Cabanillas. AMB*

LADRAR A LA LUNA

(Conclusión.)

Es necesario abandonar todo carácter apático, toda índole calmosa y sosegada; que no pueden dar otro resultado, que lamentarnos de la falta de prevision.

Al exponer estas quejas, no lo hacemos movidos por el odio ni pasión de ningún género, lo hacemos cumpliendo con la honrosa carga que nos hemos impuesto de velar con asiduidad por todo lo que afecta á la buena administracion municipal. Por eso confiamos en que no se hará caso omiso de nuestras excitaciones, si no se quiere que insistamos en la tarea de dirigir desde estas columnas acerados dardos contra los responsables á este abandono ó indiferentísimo.

Es indispensable que con la mayor premura se adopten con todo rigor las medidas siguientes:

Que varias comisiones de la junta de Sanidad giren visitas á los establecimientos en que se expendén artículos de primera necesidad, examinando las personas peritas, con toda escrupulosidad y decomisar los que se encuentren adulterados.

Que estas comisiones recorran los patios enterandose de su estado, así como de los vertederos, para evitar que la suciedad corra por las calles.

Exigir la limpieza necesaria en algunos barrios de la población en que existen viviendas que se hallan reducidas á un miserable tugurio donde no se cuida de observar la higiene, notandose la falta de aseo, que indudablemente dá al aire y á los alimentos principios infecciosos.

El Sr. Alcalde debe atender con especial cuidado este importante asunto dictando bandos y disposiciones convenientes para que se haga sentir la poderosa influencia de la higiene, que hacia exclamar al gran Bilsoth: «Pueblo si quieres salud, si quieres tener libertad, en una palabra si quieres ser grande; higiene, higiene y mil veces higiene.»

Por eso nos vemos precisados á pedir con interes á nuestra autoridad local:

Impida que las gallinas y cerdos y aún los perros recorran las calles libremente.

Que se haga limpieza diaria en todas las calles dos veces al día, si es preciso, y especialmente en los rincones donde con frecuencia se deposita la inmundicia.

Que se procure el baldeo en donde quedaron residuos del estiércol que suele trasportarse á los terrenos.

Que desaparezcan las letrinas que existen en algunos puntos de la población, que ofrecen un olor insupportable.

Que no se consientan depósitos de estiércol en las calles de la ciudad, que ofenden al buen ornato público; y que el transporte de este se verifique á horas convenientes.

Que no se toleren depósitos de materias fecales que den á la vía pública, como sucede actualmente en alguna calle bastante concurrida.

En fin, Sr. Alcalde se hace de todo punto necesario se proceda á la formación de unas Ordenanzas municipales de policia urbana y rural de que hoy carecemos, para que sepan á que átenerse sus administrados.

«Las Mariñas», nº 6, 29-V-1886. Posiblemente
sexa da autoría de Hipólito Codesido

LA SEGUNDA MULTA

Nada hay más grato para nosotros, que consagrarnos con verdadero entusiasmo á la defensa de los intereses locales; á pesar del decantado rencor é implacable odio que se viene desplegando por un alcalde famoso, que pone en juego toda clase de abusos y arbitrariedades llevado del insaciable deseo de dar muerte á nuestra publicación.

No es necesario emplear muchos razonamientos para llevar el convencimiento al ánimo de nuestros lectores, cuan injusto es el proceder del célebre alcalde fusionista y reformista D. Cesar Sanchez San Martin, al imponer la multa de 125 PÉSETAS.

Si hemos verificado con mas precauciones de las ordinarias la presentación de los tres ejemplares que la ley previene al publicar el número 57, que ocasionó la imposición de una multa de 100 PÉSETAS, claro está que con el número 58, habíamos de continuar con las mismas ó mayores precauciones para no ser víctimas de las iras del Alcalde de caballería.

Por eso se procuró hacer la entrega en la Alcaldía de los tres ejemplares del referido número 58 en presencia de dos testigos, la mañana del viernes 27; poco despues de las doce; y los vecinos de la calle de la Plaza, así como muchas personas que se hallaban en la imprenta del periódico, vieron como nuestro Director se dirigió á la casa Consistorial con el indicado objeto.

No se hallaba el Alcalde ni el secretario en el Ayuntamiento, y se requirió á los oficiales para que se hiciesen cargo de los tres ejemplares con la firma del Director y ninguno no quiso recogerlos, por lo que fué

preciso dejarlos sobre la mesa de uno de ellos.

De este hecho aún podrán informar alguno de los oficiales, que se hallaban presentes, porque su dignidad les impele á decir la verdad, que sale siempre triunfante.

Como el ensañamiento de D. Cesar no tiene ejemplo, sin temer á las censuras del pueblo, momentos despues de salir el periódico á la calle, serian próximamente las dos de la tarde del referido día 27, se dirigió á caballo á la plaza del Campo, como nuestros lectores saben, y llevó á cabo la hazaña de perseguir á los vendedores del periódico, auxiliado por un guardia municipal, arrebatando los números que conducian para la venta, los cuales aún no fueron devueltos.

No satisfecho con esta heroicidad, impone el mismo día 27 una multa de 125 pesetas á nuestro Director, fundándose en su providencia en que no se habia dado cumplimiento al art.º 11 de la ley de 26 de Julio de 1883, que previene que el Director de todo periódico deberá presentar EN EL ACTO DE SU PUBLICACION y autorizado con su firma, tres ejemplares de cada número y edición.

¡Cuántas contradicciones, D. Cesar, aparecen en su providencia!

¿Que concepto puede formar un pueblo de un Alcalde que procede tan arbitrariamente?

En esta cuestión, la opinion pública, que es muy respetable porque no se deja sobornar con ofrecimientos ni con banquetes, juzgará los actos del Sr. Alcalde y los nuestros.

«Las Mariñas», nº 61, 18-VI-1887. O artigo, sen asinar, pode ser da autoria de Hipólito Codesido Sánchez, director do semanario

Barreduras,

Gramática municipalesca.

¿Quién sería el encargado de la redacción de los rótulos de nuestras calles? preguntamos esto porque el que haya sido debió de quedarle la cabeza hueca á fuerza de discurrir.

«Rua,» como todo concejal desconoce, es palabra castellana, que significa: calle de algun pueblo, via pública, carretera.

Pero para el concejal ó individuo que redactó los rotulos no debe tal palabra tener la tal acepción, sino muy diferente, á juzgar por esta inscripción:

CALLE de la RUA-TRAVIESA

O por estotra: **CALLE DE LA RUA-NUEVA.**

Que es como si dijéramos: CALLE de la CALLE-NUEVA ó CALLE «de la» CALLE-TRAVIESA.

Es decir, albarda sobre albarda.

¿Porque ese señor redactor no escribió, significando la palabra RUA calle, via pública o carretera, simplemente de este modo? CALLE TRAVIESA; CALLE NUEVA ó RUA-TRAVIESA, RUA-NUEVA?

A seguir el estilo municipalesco, escribiremos algun día: En la CALLE de la CALLE (ó de la RUA) de PAR-DIÑAS, se cometió un atropello.... etc.

“Ayer, á eso de las doce de la noche el concejal de punto de la RUA «de la» RUA «de la 5.ª Travesía» de la RUA «de la» RUA-Travesía, vigilaba atentamente si los guardias nocturnos cumplian ó no con su deber. etc.”

“O este suelto “Anteanoche, á las 11 un voraz incendio redujo á cenizas la casa número tantos de la CALLE «de la» CALLE de Valdoncei

El cuerpo de bomberos-barrenderos acudió con las BOMBAS inmediatamente, á eso de las diez de la mañana del siguiente día, despues de terminado el

incendio.”

Las bombas muy servibles —(con B)

A un RUEIRO debiera ir á aprender la acepción de la palabra castellana RUA, el autor de tales dislates.

¿Que juicio podrá formar de la sabiduría de un municipio, toda persona medianamente sensata que lea los antedichos rótulos.

Así, pues, solo por lo moral de la lengua, solo por la moral, rogamos á quien corresponda, enmiende esas inscripciones.

«El Escobón», n.º 40, 27-X-1888. Ainda que non leva sinatura, a sección «Barreduras» —como a maior parte do periódico— é da autoria de Fernando García Acuña

La emigración en Galicia

==0==

Los periódicos de la provincia muestran, como nosotros alarmados ante el nunca visto aumento que ha tomado la emigración.

«El Mindoniense,» que sobre este particular expresa ideas que con detenimiento hemos de examinar, reconoce que nuestros comprovincianos solicitan en tropel pasaje para la América del Sur, aunque, á juicio de dicho periódico, lo hacen vilmente engañados.

«Las Riberas del Eo,» dice en muy pocas líneas lo bastante:

«Va tomando tan imponentes proporciones la emigración á Buenos Aires, Montevideo, Cuba y otros puntos, que algunas aldeas de estas comarcas quedan completamente deshabitadas, y no pasa día sin que veamos desfilar por este pueblo nuevos y numerosos grupos de gentes de todos sexos y edades que se dirigen á aquellos países.»

Las presunciones y temores que expusimos pocos días ha, no están tan lejos de realizarse, como puede verse por estas noticias, con las que coinciden las que publican los diarios de las demás provincias gallegas.

Nosotros no haremos de este profundo malestar, causa de la emigración, un arma política, aunque en ello no dejaríamos de obrar con lógica; prescindiremos en absoluto, de toda consideración particular, fijándose únicamente en el hecho, y en sus fatales consecuencias.

Consecuencias de que todos hemos de dolernos; consecuencias que no se evitan con discursos ni memorias, con comisiones é informes; sino con medidas acertadas y soluciones prácticas proporcionando trabajo al que carece de él, aliviando las cargas que agobian al contribuyente.

Venimos leyendo con cuidado la prensa de la región, y en ella encontramos marcadas dos actitudes: una la que se refleja tan amenudo en esos artículos escritos en cualquier día y en cualquier ocasión publicados, que más bien parecen hechos para salir de un aprieto del oficio, que encaminados á fijar la pública atención en un asunto de interés.

La otra actitud es la de algunos apreciables colegas, para quienes es gran tarea la de ensalzar el amor al pátrio hogar, y combatir la emigración; como si los que se van pudieran quedarse; como si tales predicaciones fueran un remedio al mal que obliga á marchar en busca de pan á tierra ajena.

Bien sabemos que no es la prensa la llamada á proveer á esa imperiosa-necesidad; pero si creemos que el camino trazado para nosotros no es la predicación valdía, sino la reclamación enérgica, la excitación constante á los poderes y á nuestros representantes para que se fijen en cuestión tan

importante y de tan 'grave trascendencia para la riqueza pública y para el porvenir de esta región.

Hoy la emigración se ha agravado en todos sus caracteres: es la emigración forzosa; es la emigración provocada por la miseria que lanza al campesino de su casa, exhausta del pan preciso para la vida, y lo pone en la alternativa de morir de hambre y abandonar en definitiva la amada patria.

Hay que fijarse en que no emigra la mocedad solamente; en que con esta no marcha solo tampoco el varón de edad madura. Son familias enteras las que se van; son aldeas las que quedan casi desiertas: es decir, el ahorro del penoso trabajo del emigrante, porque este se lleva consigo todo.

Por eso hemos dicho, é insistimos, que el mal es muy grave: que sus consecuencias serán terribles y están próximas. Es preciso, pues, que dejando para otro momento toda disquisición económico-social, pidamos unánimes que los poderos dispensen á esta vital cuestión la atención que merece, y que nuestro representante haga llegar á aquéllos la justa reclamación de Galicia entera.

«El Escobán», nº 40, 27-X-1888. Da autoría de Fernando García Acuña, case con toda seguridad

LOS JUDIOS EN NUESTROS TIEMPOS

Con razón preocupan á los pensadores modernos las sin que las autoridades pudiesen impedirlo.

Llamóse á esto, aunque con bastante impropiedad, el movimiento anti-semitico, pero es lo cierto que respecto á sus causas no se ha dado una explicación verdaderamente satisfactoria.

Materia es esta de todo punto interesante y por más que no podamos explanarla con la extensión que deseáramos, habremos de presentar á nuestros lectores algunas observaciones referentes á la cuestión judaica en nuestros días, y al conocimiento de los verdaderos móviles que dan lugar á la persecución de que es objeto aquel pueblo aun en las naciones más tolerantes de Europa.

Ante todo debemos fijarnos en la absoluta oposición que se nota entre las ideas esparcidas en multitud de libros y en la prensa respecto á los judíos, y la conducta de los pueblos donde estos residen.

Censúranse hoy mucho las persecuciones y expulsiones de que aquellos fueron objeto en los tiempos antiguos; y entre nosotros especialmente hay historiadores que emplean los más duros calificativos contra Sisebuto y contra los Reyes Católicos que los han arrojado de España.

Los publicistas por su parte combaten fuertemente las distintas leyes que incapacitaban al judío para obtener cargos públicos, y para el ejercicio de muchos derechos civiles, y los economistas arden en indignación por que, según ellos, todas las fuentes de la riqueza se secaron con la ausencia de un tan considerable contingente de personas laboriosas, sobrias, activas, industriosas y diligentes, como en concepto de los economistas son los judíos. Tanto se ha dicho y escrito en este sentido, que la opinión que hoy se llama ilustrada, á no considerar á los judíos como una casta de gente muy superior al resto de la humanidad, y que ha resistido á tantas persecuciones, inercia á la energía y potencia de su raza, los considera por lo menos al igual de los demás pueblos que viven en Europa.

